

REPSOL PARTICIPA NA XIX EDICIÓN DO FORO TECNOLÓXICO DE EMPREGO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- A través da área de Persoas e Organización da súa Refinería na Coruña, a empresa enerxética achega os valores Repsol aos estudantes co workshop “Comprometidos co teu futuro”.



A refinería de Repsol na Coruña participou esta mañá na XIX edición do [Foro Tecnolóxico de Emprego](#) organizado polas delegacións de alumnos das Enxeñerías en Telecomunicación, Industrial e de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.

O evento que se celebrou no campus universitario os días 13, 14 e 15 de marzo ten como fin achegar o mundo laboral aos estudantes para que poidan atopar o emprego que buscan grazas á colaboración de diferentes empresas entre as que se inclúe Repsol.

A través da área de Persoas e Organización da súa Refinería na Coruña, a empresa enerxética achega os valores Repsol aos estudantes co workshop “Comprometidos co teu futuro”.

Con esta iniciativa, ademais de presentar a empresa, o persoal da Refinería ensina aos alumnos como acceder a un emprego no grupo Repsol. Para iso, realizaron unha dinámica de grupo entre os estudantes e déronlles pautas sobre como afrontar unha entrevista de traballo.

Refinería Repsol A Coruña

Nota informativa

Viernes, 15 de marzo de 2019



Este tipo de talleres teñen un gran interese para o alumnado, xa que ofrecen a oportunidade dun trato máis próximo coa empresa e un intercambio fluído de ideas.